

NOVA ESCOLA GALEGA

MARZO 1990

Medidas para mellora-la Escola Pública Galega

A Asociación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA é un movemento de renovación pedagóxica (M.R.P.) que ven pulando pola renovación pedagóxica e a galeguización do sistema educativo.

NOVA ESCOLA GALEGA ven significándose por unha continua actividade e promoción de diferentes iniciativas (encontros, xornadas, Escola de Verán, REVISTA GALEGA DE EDUCACION, publicacións monográficas, etc., enmarcadas toda elas, pola defensa e construción do modelo de ESCOLA PUBLICA GALEGA, como sinal de identidade e proxecto educativo dos MOVEMENTOS DE RENOVACION PEDAGOXICA.

NOVA ESCOLA GALEGA entende que a ESCOLA PUBLICA é o servizo fundamental de educación que os poderes públicos estruturan e administran para garanti-lo dereito de tódolos cidadáns a recibir unha educación de calidade, para permitir e posibilita-lo seu óptimo desenvolvemento integral no marco dos seus específicos contextos.

Este modelo de ESCOLA PUBLICA caracterízase pola súa GRATUIDADE; PLURALISMO; XESTION DEMOCRATICA, PARTICIPATIVA e respecto á AUTO-

NOMIA de cada centro; ensino CIENTIFICO e CRITICO; TERRITORIALIZACION dos servizos educativos; TRONCO UNICO de organización do sistema educativo; CORPO UNICO do profesorado non universitario; GALEGUIZACION CULTURAL e NORMALIZACION LINGUISTICA do sistema educativo galego.

Para avanzar na procura deste modelo, a VII ASEMBLEA ANUAL de NOVA ESCOLA GALEGA aprobou un extenso documento no que se recollen 67 medidas para MELLORA-LA ESCOLA PUBLICA GALEGA.

NOVA ESCOLA GALEGA pretende ó redor deste documento acadar un amplo consenso social, para o desenvolvemento do sistema educativo público, na perspectiva dunha escola de calidade.

NOVA ESCOLA GALEGA envía este documento a tódolos sectores da Comunidade Educativa coa intención de que sexa coñecido por tódolos claustros, asociacións de pais e nais, de estudantes, sindicatos, M.R.P.S., colectivos de normalización... para contribuir ó necesario debate e reivindicación dunha mellor ESCOLA PUBLICA GALEGA.

Destinatario



NOVA ESCOLA GALEGA

Apartado 586

15770 SANTIAGO DE COMPOSTELA
GALICIA

Dep. Legal: Vg. - 67 - 90

Imprime FEITO, S.L. - Hernán Cortés, 13 - 15 Int. - VIGO

Medidas para mellora-la

Son os anteriores considerandos os que nos levan a enuncia-las seguintes medidas que estimamos necesarias para avanzar, nos vindeiros anos, na procura dunha mellor escola pública galega:

MEDIDAS SOBRE INFRAESTRUCTURA E MEDIOS

A actual situación de deterioro da infraestrutura escolar da rede de ensino público galego, valorada en alomenos vinte e seis mil millóns de pesetas, como as carencias de recursos e medios didácticos esixe:

1.- Desenvolvemento da lexislación sobre condicións mínimas que deben reuni-los centros de ensino previsto na LODE.

2.- Realización do “Mapa de Infraestrutura escolar de Galicia” que dea lugar a un Plan Plurianual de Reforma e Mellora dos Colexios Públicos, seguindo criterios de racionalidade e prioridade para rematar coa nefasta situación de deterioro actual.

3.- Plan de eliminación dos déficits funcionais nos Colexios Públicos.

4.- Adecuación de tódolos centros escolares á normativa sobre seguridade, sinalización e hixiene.

5.- No arranxo ou construción de centros escolares deberán terse en conta as condicións climáticas e ambientais do noso país, introducindo as novas condicións arquitectónicas sobre os espazos escolares (axardinamento, iluminación, creación de espazos atractivos e humanizados)

6.- Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas dos centros escolares.

7.- Creación de servizos comarcais de mantemento dos centros, mediante o convenio entre os Concellos, a Xunta e o INEM, promovendo deste xeito unha racional e eficaz conservación da infraestrutura escolar e a promoción do emprego.

8.- Programa de dotación de patios cubertos, pistas polideportivas e ximnasios ós centros públicos que carecen destes equipamentos.

9.- Programa de renovación do mobiliario escolar, coa inmediata adaptación ás idades dos alumnos/as nos múltiples casos existentes de desadequación.

10.- Racionalización e aumento das dotacións de material didáctico ós centros, garantindo un mínimo por centro (para educación infantil, laboratorios, audiovisuais, informática, área tecnolóxica...)

11.- Plan de adecuación e dotación de Bibliotecas escolares, coordinando os recursos das distintas administracións e entidades privadas.

12.- Elaboración dun rigoroso “Mapa escolar dinámico de Galicia”, de forma territorializada, mediante a creación da oficina do Mapa Escolar de Galicia e a coordinación cos Concellos. Nel estableceranse as previsións de reordenamento dos centros públicos non universitarios de acordo coas orientacións organizativas que traza o Libro Branco.

13.- Aumento da dotación para gastos de funcionamento dos centros públicos.

14.- Creación de centros para acolle-la nova oferta de educación permanente de adultos, dende alfabetización a ensinos secundarios.

15.- Plan plurianual de desconcentración escolar, con apertura de escolas parroquias, en función de criterios de zonalización educativa.

MEDIDAS DE AMPLIACIÓN DA OFERTA EDUCATIVA

A procura dunha única rede de escolarización pública e a ampliación da escolarización que supón a próxima Reforma Educativa esixe:

16.- No camiño da construción dunha única rede escolar, urxímo-lo desenvolvemento normativo que permita a integración dos centros privados, con vontade de ser públicos, na rede escolar pública.

17.- Desenvolvemento normativo que impida a desaparición de centros privados -particularmente nas cidades- que están a cubrir necesidades de escolarización, mediante a reconversión das súas instalacións como centros públicos.

18.- Plan bianual de ampliación da oferta escolar pública en educación infantil, a partir dos 3 anos, contemplando a adecuación das instalacións, a dotación dos recursos das novas aulas e o desenvolvemento curricular deste período.

19.- Ampliación da oferta educativa dos 14 ós 16 anos, coa construción dos centros precisos para acoller ó 100 % da poboación escolar destas idades.

20.- Integración a tódolos efectos da rede de “Garderías Laborais” no sistema educativo.

21.- Creación da modalidade de Educación Permanente de Adultos a tódolos niveis educativos e de xeito presencial.

22.- Posta en práctica por parte dos Concellos e da Consellería de Educación das medidas necesarias para controla-las condicións hixiénico-sanitarias e pedagóxicas das chamadas “garderías” de carácter privado que están a escolarizar a alumnado de 0 a 5 anos.

23.- Redución do número de alumnos por aula en

Escola Pública Galega

tódolos niveis do sistema educativo. Cremos que o número máximo, aceptable neste momento, en cada tramo sería:

- 0 - 1 anos : 5
- 1 - 2 " : 10
- 2 - 3 " : 14
- 3 - 8 " : 20
- 8 - 16 " : 25

MEDIDAS DE REFORMA DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA

A reforma da actual Administración Educativa Galega, en base ós criterios de descentralización e zonificación educativa esixe:

24.- Definición dun modelo descentralizado da Administración Educativa que contemple como unidade administrativa e de xestión básica a comarca, e que integre a actuación educativa dos Concellos. Estas unidades básicas contarán cos servizos de apoio á escola: Centro de Formación continuada do Profesorado, recursos, psicopedagóxico, mantemento de centros, dinamización educativa e oficina de xestión.

25.- Definición, incremento e racionalización das competencias municipais en materia educativa, integrando os Concellos no modelo de administración educativa descentralizada.

26.- Reordenamento dos servizos centrais da Consellería de Educación, en base a súa departamentalización funcional e dando o pertinente realce as tarefas da Reforma Educativa.

27.- Eliminación do actual papel represor da Inspección Educativa de EXB e EE. Medias.

MEDIDAS SOBRE O PROFESORADO

A dignificación social da función docente e a profesionalización do seu labor esixe:

28.- Aprobación do Estatuto do Profesorado apropiado para a dignificación da profesión docente.

29.- Incremento xeral do profesorado de cada centro público de EXB (alomenos un profesor/a por cada oito unidades), co obxecto de diminuí-las súas horas lectivas e facilita-lo traballo dos equipos docentes.

30.- Asunción por parte da Administración Educativa da responsabilidade civil dos actos profesionais do profesorado e reforma da lexislación pertinente.

31.- Aplicación e desenvolvemento do Plan plurianual institucional de formación permanente do profesorado galego.

32.- Ampliación e claro regulamento do programa de licencias por estudos, investigación e innovación educativa.

33.- Dotación de persoal administrativo para cada centro de EXB.

MEDIDAS SOBRE RENOVACION E INNOVACION EDUCATIVA

Na procura dunha mellora da calidade do servizo público educativo e da renovación pedagóxica deben emprenderse as seguintes actuacións:

34.- Plan de experimentación dos novos deseños curriculares, que supoña a creación de novos materiais e recursos didácticos e a formación e asesoría do profesorado que os experimenta.

35.- Realización de estudos e investigacións sobre os resultados da experimentación dos novos deseños.

36.- Creación dos servizos comarcais de dinamización educativa en colaboración cos concellos, que desenvolvan programas de innovación nos campos da expresión dramática, música, educación física, educación sanitaria, para o consumo, audiovisual, coñecemento do entorno... Previsión presupostaria para estes programas e fomento de investigación de equipos docentes nestas áreas.

37.- Articulación de mecanismos legais e financiamento para que colectivos como os M.R.P.S. elaboren alternativas globais para a posta en práctica dos Deseños Curriculares, se ofrecen garantías para facelos, para pólos a disposición dos Centros e do Profesorado, para facilitar así o 2º e 3º nivel de concreción curricular.

38.- Desenvolvemento dos programas de integración de alumnos con necesidades educativas especiais e de compensatoria.

39.- Fomento da produción editorial de materiais didácticos e libros de apoio en lingua galega.

40.- Posta en práctica de actuacións da Administración para a eliminación de elementos sexistas e discriminatorios nos contidos dos materiais didácticos.

41.- Desenvolvemento de programas de coeducación, de educación para a paz e de educación medioambiental.

42.- Programa de apoio á coordinación entre centros escolares próximos, especialmente no medio rural.

43.- Plan de axudas a proxectos de innovación educativa presentados por equipos docentes.

44.- Programa de formación nos propios centros.

45.- Aumento das axudas para os M.R.P.S., extendéndoas tamén ó mantemento da súa infraestructura.

46.- Financiamento específico para os grupos de traballo dos M.R.P.S., ou doutros grupos pedagóxicos, para que elaboren materiais e traballos no marco da reforma educativa.

47.- Convenios entre a Administración Educativa e os M.R.P.S. para a realización de prácticas educativas, seguemento por parte de profesores-tutores e a súa avaliación.

48.- Desenvolvemento do programa de prácticas en alternancia, con control pedagóxico por parte da Administración e dos Centros de F.P. das condicións laborais nas que se realizan, que evite o seu aproveitamento fraudulento polas empresas.

49.- Creación do Instituto Galego de Educación de Adultos e dun Centro de Recursos específico de Educación de Adultos.

50.- Elaboración dun deseño curricular de educación de adultos, que teña en conta a triple perspectiva (sociolóxica, psicolóxica e pedagóxica) que esta modalidade de ensino demanda. Reconversión progresiva dos centros de EPA.

MEDIDAS SOBRE NORMALIZACION LINGUISTICA

51.- Asignación da Dirección Xeral de Política Lingüística á Consellería da Presidencia e creación dun Equipo de Normalización Lingüística para o Ensino de carácter nacional.

52.- Posta en práctica do Modelo de Normalización Lingüística para o ensino, asinado en Compostela en Maio de 1989, por diversas organizacións sociais e políticas.

53.- Programa de creación de Equipos de Normalización Lingüística nos centros.

MEDIDAS SOBRE PARTICIPACION

54.- Activación do Consello Escolar de Galicia, coa posta en marcha das súas comisións e ponencias. Inmediata elaboración do seu regulamento e planificación xeral do seu traballo, respetando a súa necesaria autonomía perante a Administración activa.

55.- Constitución dos Consellos Escolares Municipais e/ou comarcais.

56.- Programa de desenvolvemento de Escolas Activas de País.

57.- Fomento e apoio das Asociacións de Estudiantes.

MEDIDAS SOBRE OS SERVICIOS

58.- Consideración dos comedores escolares como servicios básicos, imprescindibles para a calidade de vida do alumnado, coa creación dunha rede de comedores profesionalizada, de carácter comarcal ou municipal que atenda ás necesidades asistenciais e alimenticias dos escolares, rachando coa actual situación de abandono e desordenada xestión.

59.- Plan de Transporte Escolar que contemple a racionalización dos traxectos (en función do resto da planificación e do equipamento escolar), a modernización da frota e a posta en marcha de medidas de seguridade vial.

60.- Aumento dos presupostos adicados a bolsas de axuda individualizada para estudantes, e previsión de mecanismos de control social (Consellos Escolares) da súa distribución.

OUTRAS MEDIDAS

61.- Deseño e posta en marcha de programas integrais de atención a menores desescolarizados e procedentes de minorías marxinaadas, seguindo o criterio de apoio social e integración plena.

62.- Supresión da publicidade de xoguetes en T.V., para acabar coa indefensión e manipulación da infancia neste terreo.

63.- Creación de equipamentos educativos públicos (Graxas-Escolas, Aulas de Natureza) que permitan o contacto sistematizado do alumnado con ambientes distintos ó seu medio habitual, o coñecemento do mundo rural e o fomento dos hábitos e valores de traballo e convivencia. Estes equipamentos realizaranse aproveitando a rehabilitación do noso patrimonio arquitectónico (pazos, casas solariegas, rectorais, etc., evitando así a súa desaparición por abandono).

64.- Creación de centros públicos de interpretación do mundo urbano.

65.- Fomento do turismo e intercambios escolares dentro da nosa comunidade, mediante programas promovidos pola Administración Autonómica.

66.- Convenios entre Concellos e Centros Escolares para garantir que a existencia de gran número de actividades, hoxe extracurriculares, non consoliden unha dobre oferta discriminatoria no ensino público, máxime nos centros que contan con xornada continuada.

67.- Dotación de escolas deportivas con criterios participativos e non competitivos, con carácter comarcalizado ou municipal, con persoal e financiamentos públicos.

*VII Asamblea Anual de NOVA ESCOLA GALEGA
Santiago, 3 de febreiro de 1.990*

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

